

pondentes ao exercicio 2009, e ao abeiro do convenio suscrito entre o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) e o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) o día 3 de xullo de 2008.

No derradeiro parágrafo do artigo 20 da dita resolución sinálase que o prazo para a xustificación do investimento remata o día 15 de setembro de 2010. Non obstante, estanse a rexistrar numerosas solicitudes de prórroga por parte dos beneficiarios debido ás dificultades existentes nalgunhas liñas de axudas para poder xustificar en prazo, maioritariamente por cuestións de dispoñibilidade orzamentaria, obras en curso de execución e a demora nas entregas ou provisión de materiais polos provedores, co consecuente atraso das actuacións subvencionadas.

Visto o disposto no artigo 49.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como no artigo 45.3º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro.-Establecer como data límite de xustificación do investimento das subvencións concedidas definitivamente o día 10 de novembro de 2010, ampliando así o prazo previsto no artigo 20 das bases reguladoras.

Segundo.-Publicar esta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para os efectos previstos no artigo 59.6º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Contra esta resolución non caberá recurso ningún.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2010.

Eliseo Diéguez García
Director do Instituto Enerxético de Galicia

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 3 de agosto de 2010 pola que se fai pública a lista dos opositores que superaron o procedemento selectivo convocado pola Orde do 15 de febreiro de 2010 (Diario Oficial de Galicia do 8 de marzo), para acceso ao corpo de inspectores de educación.

De conformidade co disposto na base común 9, punto 5 da Orde do 15 de febreiro (*Diario Oficial de*

Galicia do 8 de marzo), pola que se convocaban procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará no *Diario Oficial de Galicia*, así como no enderezo da internet <http://www.edu.xunta.es/>, a lista de aprobados do concurso-oposición.

De acordo co que antecede,

DISPOÑO:

Primeiro.-Facer pública a lista única dos opositores que superaron o procedemento selectivo para acceso ao corpo de inspectores de educación, por orde de puntuación no anexo desta orde.

Segundo.-De conformidade coa base 11.4 da orde de convocatoria, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá, por causa xustificada e por petición escrita do interesado ou interesada, acompañada dos documentos xustificativos correspondentes conceder o aprazamento da fase de prácticas.

Terceiro.-Os opositores aprobados relacionados no anexo deberán presentar ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos a documentación referida na base común 10 da Orde do 15 de febreiro de 2010, no prazo de 20 días naturais a partir do seguinte ao da publicación desta orde.

Cuarto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa publicación. De non estimarse a interposición deste recurso, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Aprobados do concurso-oposición

Número de orde	NIF/NIE	Apelidos e nome	Baremo	Oposición	Concurso-oposición
1	36088161-B	Alén de la Torre, José María	5.5000	7.7750	7.0242
2	35250941-Z	Antuña Souto, Carlos Alberto	7.5200	6.5900	6.8969
3	33807153-M	Rábade Pallares, Carlos E.	7.1500	6.7480	6.8807
4	33205344-Z	Pérez Froiz, Margarita	6.9300	6.4142	6.5844
5	09710482-C	Fournol Marcos, María Teresa	7.6200	5.8780	6.4529
6	32444375-T	Vázquez Caruncho, Francisco Javier	5.6300	6.8082	6.4194
7	33835954-X	Pérez Fernández, José Casimiro	6.2900	6.3450	6.3268
8	32747544-Y	Granados Loureda, Juan Antonio	6.4600	5.6400	5.9106
9	34952516-Z	Montes Marqués, Julio Ángel	3.1400	6.8607	5.6329
10	32788124-Z	García Sánchez, María Luisa	3.4100	6.6770	5.5989
11	32748966-W	Gens Autrán, Patricia Elena	5.5000	5.5852	5.5571